



**Iván Rodríguez Jiménez**, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

**CERTIFICO:**

Que na sesión do **19 de febreiro de 2015** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**III.-** No que respecta ao expediente de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación Campos de Alongos, a favor dos veciños da parroquia de Alongos, no Concello de Toén, acode en representación dos citados veciños D. Cándido Gómez Vazquez, actual Secretario da Comunidade de Alongos, sen que se presentase ningún representante do Concello de Toén. Contra o acordo de inicio do procedemento instando pola citada Comunidade, interpúxose escrito de alegacións polo Concello de Toén, no que defende a propiedade municipal da parcela número 214 do polígono 27, a cal foi adquirida mediante escritura de compravenda outorgada con data 19.9.2002 e figura inscrita no Rexistro da Propiedade, polo que solicita que non se inclúa no proceso de clasificación como veciñal en man común do monte coa denominación de Campos de Alongos.

D. Cándido Gómez Vazquez expón que a parcela 214 do polígono 27 pertenceu sempre aos veciños pero que unha empresa adquiriu ilegalmente ditos terreos e os rexistrou. Na documentación achegada pola Comunidade consta que a empresa Corviam S.A. mercou a citada parcela como consecuencia dun proceso executivo instado contra Urvicosa, e posteriormente Coviam S.A. vendeu dita parcela ao Concello de Toén. Ademais, pola Comunidade de Alongos achegouse documentación no que se inclúen as hijuelas dos veciños que venderon as fincas a Urvicosa, o que segundo eles probaría o seu carácter comunal.

Non obstante, o Xurado entendeu que o carácter consuetudinario da parcela 214 do polígono 27 non foi acreditado polos veciños de Alongos, resultando a existencia das partijas acreditativa do carácter privativo da mesma e non comunal. Polo que por parte do Xurado se decidiu clasificar o monte coa denominación Campos de Alongos como veciñal en man común, excluindo de dita clasificación a parcela 214 do polígono 27.

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente en Ourense a vinte un de setembro de dous mil dezaseis.

Vº. e praxe  
O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*EDICTO do 15 de xuño de 2016, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Campos de Alongos, a favor dos veciños da parroquia de Alongos (San Martiño), no concello de Toén (Ourense).*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 19 de febreiro de 2015, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Campos de Alongos a favor dos veciños da parroquia de Alongos (San Martiño), no concello de Toén (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 24 de marzo de 2009, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Cándido Gómez Vázquez, en calidade de presidente da CMVMC Agrela de Alongos, no concello de Toén, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do monte de varias parcelas.

Segundo. Con data do 11 de maio de 2010, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designa instrutor e realiza as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. Con data do 5 de agosto de 2010, o Concello de Toén presentou escrito de alegacións contra o acordo de inicio do procedemento, no cal manifestaba que a parcela 214 do polígono 127 era da súa titularidade. Esta foi adquirida mediante escritura de com-



pravenda outorgada con data do 19 de febreiro de 2002 e figura inscrita no Rexistro da Propiedade, polo que se solicitaba que non se incluíse no proceso de clasificación como veciñal en man común o monte coa denominación de Campos de Alongos.

Pola súa parte, na documentación achegada pola Comunidade de Alongos consta que a empresa Corviam, S.A. mercou a citada parcela como consecuencia dun proceso executivo instado contra Urvicosa, e posteriormente Corviam, S.A. vendeu a dita parcela co Concello de Toén. Así mesmo, a Comunidade de Alongos achegou a documentación na cal se inclúen os documentos particionais dos veciños que venderon as leiras a Urvicosa, e que probaría de acordo coa citada comunidade o seu carácter veciñal.

Non obstante, o Xurado entendeu que o carácter consuetudinario da parcela 214 do polígono 127 non foi acreditado polos veciños de Alongos, polo que a presenza das partillas resulta acreditativa do seu carácter privativo e non veciñal. Por tanto o Xurado se decidiu clasificar o monte coa denominación Campo de Alongos como veciñal en man común, excluindo da dita clasificación a parcela 214 do polígono 127.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Campos de Alongos.

Pertenza: CMVMC da parroquia de Alongos.

Parroquia: Alongos (San Martiño).

Concello: Toén.

Superficie total: 74.080 m<sup>2</sup> (7,4 ha).

#### 1. Parcelas catastrais que comprende e superficies:

| Concello | Datos catastrais                 |             |              |                                        | Superficie a clasificar (m <sup>2</sup> ) |
|----------|----------------------------------|-------------|--------------|----------------------------------------|-------------------------------------------|
|          | Polígono                         | Parcela     | Lugar        | Superficie catastral (m <sup>2</sup> ) |                                           |
| Toén     | 127                              | 208         | Ribeiras     | 64.282                                 | 64.282                                    |
|          |                                  | 9004        | Camíño       | 655                                    | 655                                       |
|          |                                  | 191 (parte) | Ribeiras     | 1078                                   | 487                                       |
|          |                                  | 209         | Ribeiras     | 2079                                   | 2079                                      |
|          | 128                              | 9005        | Río Miño     | 97.246                                 | 4.410                                     |
|          |                                  | 64          | Beira do río | 616                                    | 616                                       |
|          |                                  | 63          | Beira do río | 680                                    | 680                                       |
|          |                                  | 62          | Beira do río | 625                                    | 625                                       |
|          |                                  | 9001        | Camíño       | 469                                    | 246                                       |
|          | Superficie total para clasificar |             |              |                                        | 74.080 m <sup>2</sup><br>7,4 ha           |



## 2. Estremas:

Norte (parcelas numeradas de oeste a leste): río Miño.

Leste (parcelas numeradas de norte a sur):

– Polígono 128, parcelas: 60, 34 e 9001.

Sur (parcelas numeradas de leste a oeste):

– Polígono 128, parcelas 68, 67, 33 e 32.

– Polígono 127, parcelas: 9005, 178, 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186, 187, 188, 189, 190 e 191 (parte).

– Polígono 55, parcela 9001.

Oeste (parcelas numeradas de sur a norte):

– Polígono 127, parcela 214.

## Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da dita lei: «son montes veciñais en man común (...) os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento dos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemen-



te da súa cualificación ou non como entidade administrativa. Correspóndelle constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante os testemuños dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

#### RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Campos de Alongos a favor dos veciños da parroquia de Alongos (San Martiño), no concello de Toén (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.


Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso postestativo de reposición ante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 15 de xuño de 2016

Yago Borrajo Sánchez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: gpmrzm8g8-lvk2-zj26-pfm3-u1d04vyscn8





Terreos a clasificar como monte veciñal en man común coa denominación de "Campos de Alongos"

Pertenza: CMVMC "Parroquia de Alongos". Parroquia: Alongos (San Maratión). Concello: Toén

Escala: 1:5.000.Proxección UTM. Fuso 29N.Zona T.Datum ETRS89

Consellería do Medio Rural. Xefatura Territorial de Ourense. Servizo de Montes